

# dálle a volta



**Día internacional  
contra a  
violencia machista  
25 novembro 2010**



*Confederación Xeral do Traballo*

# 25N: Dalle a volta á violencia machista!

Máis de 600 mulleres morreron na última década ás mans das súas parellas ou exparellas. Máis de 600 homes convertéronse en asasinados, algúns suicidáronse despois de matar á que durante un tempo fora a súa muller, outros están en prisión. Segundo informes e estudos contrastados deste ano, o número de mulleres asasinadas no período 2000-2009 é de 629, cunha media de 63 por ano. Estes son os datos oficiais de vítimas por violencia de xénero no noso país, pero a eles haberíanse de engadir as mulleres asasinadas por outros homes que non eran parellas ou exparellas súas, pero que poderían catalogarse doadamente como crimes machistas (agresores sexuais, pais, irmáns, chulos, etc). A cifra oficial no que vai de ano é de 57 mulleres asasinadas.

As medidas previstas na Lei Integral contra a violencia de xénero non parecen ser moí eficaces. Nos Presupostos deste ano dedícanse 5.566,05 millóns de euros para seguridade cidadá e loita antiterrorista. Talvez, se se aumentase o presuposto para a loita contra a violencia machista, obteríanse mellores resultados e sobre todo, se se dedicase máis diñeiro á educación en igualdade e á educación sexual. Non obstante para o 2011, o presuposto que se destinara ao Ministerio de Igualdade era de 69 millóns de euros (un 1'02% do presupostado

para seguridade), un 10% menos do que se destinou no ano 2010. E falamos en pasado porque unha vez máis se confirma o que todas vemos día a día: non hai vontade política de loitar contra a violencia de xénero e o regalo do goberno ás mulleres para este 25 de Novembro é a desaparición do Ministerio de Igualdade, que coa nova remodelación governamental pasa a ser unha secretaria dentro do Ministerio de Asuntos Sociais.

E todas sabemos que, por desgracia, neste mundo capitalista noso se non hai presuposto, non hai medios. Ao longo do ano bombardeáronnos durante todos os días con detencións e a loita antiterrorista, aquí e en Francia. E que pasa con todos os programas que hai pendentes de executar para loitar contra a violencia de xénero? En Educación, en Sanidade, en Xustiza, en Intervención Social... como non hai presuposto non hai medios. Que ben lles veu a crise! É a escusa perfecta para non ter que cumprir as súas leis. E cada ano que pasa, menos reposición de efectivos na Administración Pública, máis carga de traballo para @s traballador@s que quedan nos servizos e que non poden asumir, por máis que o intenten, todo o pendente por facer. Por non falar da desaparición de servizos públicos tan importante como todo o sector educativo social, dende o que se traballaba na integración de persoas, sobre todo menores, en risco de exclusión social, servizos que son realizados por empresas privadas con ánimo de lucro e que a maioría sabemos como funcionan...

Con esta comparación e coa túa axuda esiximos que se trate á violencia de xénero como un problema de estado de primeira magnitude. Non podemos permitir que ano tras ano, sigan asasinando mulleres ante a vista impune de toda a sociedade e coa indiferenza dun estado que non se aplica para atallar esta sangría que é un problema de todas e todos.

Dende **CXT** tamén queremos facer un chamamento a toda a sociedade: todos e todas somos responsables, ao seguir **PERPETUANDO ROLES E COMPORTAMENTOS PATRIARCAIS**. Por iso, o máis importante é a deconstrución de todo o aprendido: nas nosas relacións, na educación que recibimos e damos, nas nosas comunicacións....

Unha sociedade que eduque solidariamente, sen sexismo, sen violencia, sen autoridade imposta, libertaria, axudaranos a construír unha sociedade de persoas libres e iguais, respectuosas coas diferenzas e críticas co mundo, onde non exista dominación nin competitividade.

Unha sociedade que eduque sen relixión, separándoa da escola e deixándoa no ámbito privado.

Unha sociedade que non permita que os seus medios de comunicación sexan agresivos e prexudiciais para a imaxe das mulleres, considerándoas obxectos de adorno nos seus anuncios, emitindo programas vulgares e machistas a máis non poder.

E sobre todo, sobre todo, en **CXT** queremos unha sociedade que non cale, que denuncie, que cuestione e que participe na erradicación desta eiva social.

# Mulleres e Homes da CXT, Contra a violencia machista!

Acudide e participade nas  
manifestacións ou actos  
da rosa cidade!



[www.cgtgalicia.org](http://www.cgtgalicia.org)